

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, no seu artigo 3, os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recolle, entre os seus ámbitos de actuación, que a Xunta de Galicia promoverá actuacións conducentes a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como a ampliación da rede de centros de atención á infancia.

De conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúese á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas públicas de apoio á familia e á infancia, así como a promoción e adopción das medidas de conciliación que garantan un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias.

A Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos a ampliación e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 anos como recurso educativo e de prestación de servizo ás familias galegas, que contribúa tanto á corresponsabilidade como á conciliación da vida laboral e familiar. Neste sentido, a constitución dunha rede pública galega de centros de educación infantil 0-3 como proxecto artellado e de calidade en que participen as entidades privadas de iniciativa social, é peza fundamental para o logro deste obxectivo. Esta orde de axudas ten como finalidade materializar neste momento de redefinición do modelo da educación infantil 0-3 anos a contribución da Administración galega ao sostemento dos centros existentes e fomentar a mellora da súa calidade.



O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recolle, no seu artigo 25, as circunstancias que deben concorrer para a tramitación anticipada de expedientes de gasto, así como os requisitos que se deben cumprir.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilitan a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e dabondo no proxecto de lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario en que se vaia materializar a contraprestación, e supeditada á aprobación e publicación da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Esta orde adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE do 18 de novembro), así como ao seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE do 25 de xullo) e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos e os demais requisitos exixidos no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

As axudas que se establecen no articulado desta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.3, recollida no Proxecto de lei de orzamentos xerais



para o ano 2016, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 19 de outubro, e o importe destinado a estas ascende a 3.067.822,00 euros.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin a que foron establecidos,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria en réxime de concorrència competitiva de axudas económicas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social.

2. Para efectos desta orde, enténdese por nenas/os de 0 a 3 anos, as/os nacidas/os con posterioridade a 31 de decembro de 2013.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias*

Poderán solicitar estas axudas as entidades privadas de iniciativa social que estean debidamente inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social, de acordo co disposto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais (DOG do 20.1.2012), e teñan en funcionamento unha ou máis escolas infantís 0-3 que desenvolva/n as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia e que cumpran os requisitos xerais desta orde.

Artigo 3. *Requisitos xerais*

1. Serán requisitos imprescindibles para resultar entidade beneficiaria das axudas:

a) Que a escola infantil 0-3 cumpra os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG do 20.1.2012), e no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG do 16.8.2005), así como a normativa de desenvolvemento, se é o caso.

b) A adaptación da tarifa de prezos da escola infantil 0-3 ao establecido no artigo 9 desta orde.



c) Realizar a selección de solicitudes para a adxudicación de prazas na escola infantil 0-3 de acordo co baremo e puntuación establecido no anexo VI.

d) Ter xustificado nos prazos previstos e, en todo caso, no momento de presentar a solicitude de axuda, os gastos correspondentes ás axudas recibidas en anos anteriores con esta mesma finalidade.

2. Co fin de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais ou representantes legais dos usuarios, as escolas infantís 0-3 prestarán servizo cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral e, salvo causa xustificada, logo da autorización da Conselleira de Política Social.

3. O cumprimento dos contidos exixidos para o proxecto lingüístico, de acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25.10.2010).

Artigo 4. *Tipo de axuda*

As axudas convocadas teñen como finalidade o mantemento dos centros co obxecto de compensar os gastos producidos, desde o primeiro de xaneiro de 2016 ata a data de xustificación, e/ou os gastos que figuren como aboados durante ese período nos seguintes conceptos:

a) Gastos de persoal (non se subvencionarán aqueles importes que excedan os salarios e complementos establecidos para cada categoría profesional no último convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil).

b) Gastos de alimentación.

c) Outros gastos xerais de mantemento do centro.

Artigo 5. *Criterios de valoración e concesión*

No caso de non poder atender o total de solicitudes, a adxudicación efectuarase segundo a maior puntuación acadada de acordo coa seguinte valoración:

a) As escolas infantís 0-3 que nalgún dos dous anos anteriores recibiron subvencións da Xunta de Galicia con igual obxecto e que obtiveron unha valoración satisfactoria: 3 puntos.



b) Segundo o tempo de funcionamento do centro desde a data do permiso de inicio de actividades:

- Inferior a 3 anos: 1 punto.
- Entre 3 e 5 anos: 2 puntos.
- Superior a 5 anos: 3 puntos.

Para estes efectos, entenderase que se trata do mesmo centro e, polo tanto, dun traslado da actividade cando, co obxecto de mellorar as súas condicións materiais, se producise un cambio de localización dentro do mesmo concello, mantendo a mesma titularidade, cadro de persoal e alumnado.

Artigo 6. Módulos de referencia para o cálculo da axuda

1. Os módulos de referencia para o cálculo da axuda anual para gastos de mantemento están en función do número de unidades en funcionamento autorizadas da escola infantil 0-3 e da prestación do servizo de comedor. As contías anuais serán as seguintes:

	Centros con servizo de comedor			Centros sen servizo de comedor
	De 1 a 3 unidades	De 4 a 6 unidades	Con 7 ou máis unidades	
Contía anual por unidade en funcionamento	18.873 €	18.011 €	17.149 €	15.340 €

De non estar en funcionamento todas as unidades o ano completo, aplicarase unha redución proporcional segundo o tempo de funcionamento.

2. Para os efectos desta orde, enténdese por servizo de comedor, cando sexa prestado por persoal do propio centro ou ben alleo a el contratado con tal fin (servizo de *catering*), incluídos os alimentos. En todo caso, este servizo incluírá o xantar e opcionalmente o almorzo e merenda e/ou cea. Así mesmo, deberá existir á disposición dos pais unha relación semanal dos menús previstos, os cales deberán proporcionar unha dieta equilibrada e adaptada á idade dos/das nenos/as.

Artigo 7. Límite das axudas

1. O importe das axudas reguladas nesta convocatoria en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras admi-



nistracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que desenvolva a entidade beneficiaria.

2. No caso de non existir crédito suficiente, non se subvencionarán as unidades de nova creación con respecto ao curso anterior naqueles centros que xa foron subvencionados en exercicios anteriores. Se aínda así, fose insuficiente, reducirase a contía das axudas en igual proporción a todas as entidades que resulten beneficiarias.

3. A contía que se subvencionará non poderá ser por importe superior á diferenza resultante entre os gastos correntes e os ingresos previstos para o exercicio 2016, segundo os datos económicos consignados na solicitude (anexo II).

Artigo 8. *Renda per cápita mensual*

Para estes efectos, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

1ª. Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/das pais/nais, vivan independentes destes/as.

2ª. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3ª. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente en 31 de decembro do ano 2014.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar no cal se pretenda que produza efectos (2014), de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.



c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Non obstante, cando as circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF non coincidan coas circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, teranse en conta estas últimas, previamente xustificadas documentalmente.

Artigo 9. *Prezos*

1. As entidades beneficiarias destas axudas estarán suxeitas ao réxime de prezos públicos, regulado no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, modificado polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo, coas actualizacións derivadas da variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos seguintes termos:

– Atención educativa. Poderán percibir das persoas usuarias os prezos máximos establecidos, aplicando as reducións, descontos e exencións que en función da renda e das circunstancias da unidade familiar se recollen nel. Entenderase que cumpren con este réxime de prezos, cando as cantidades cobradas ás/aos usuarias/os non superen, en cómputo anual, a contía que lle corresponda aboar en función da renda da unidade familiar.

– Servizo de comedor. Poderán percibir das persoas usuarias o prezo máximo unitario establecido no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, quedando eximidas da aplicación das reducións, descontos e exencións recollidos nel.

2. Se algún centro presta outro tipo de servizo distinto dos regulados no decreto indicado no punto anterior, só poderá percibir prezo polos relacionados a continuación e coas

CVE-DOG: hpusd7z7-zad0-r7a2-nh65-rej24xkoxg59



condicións e contías máximas indicadas para cada un deles, agás aqueles que dispoñan de transporte, que poderán seguir percibindo o importe correspondente.

a) Matrícula (prezo máximo por curso 100,00 €).

b) Material (prezo máximo por curso 58,00 €).

c) Cociña, entendida como o servizo de quentar os alimentos que levan as/os nais/pais ou representantes legais e que non poderá cobrarse simultaneamente ao servizo de comedor (prezo máximo por mes 25,00 €).

d) Actividades complementarias, que deberán ter carácter voluntario para as/os usuarias/os e garantir que as nenas e os nenos que non as realicen permanecerán na súa aula de referencia co seu educador ou educadora, desenvolvendo outra actividade incluída na programación didáctica. Só se considerarán actividades complementarias as seguintes:

– Natación.

– Lingua estranxeira, entendida como a impartida por persoal con formación específica e titulación oficial e nunha aula diferente.

Calquera outra actividade distinta das anteriores non se consideran actividades complementarias, senón que forman parte do currículo.

Artigo 10. *Solicitudes e documentación*

1. As solicitudes presentaranse segundo modelo oficial (anexo I) acompañadas da seguinte documentación:

a) Datos do centro (anexo II).

b) Resumo da memoria do centro do curso escolar 2014/15 (máximo de 20 páxinas).

c) Proxecto lingüístico do centro.

d) Certificacións de estar ao día nas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma, só no caso de denegar expresamente a súa consulta.



e) Acreditación da personalidade e representación do solicitante.

f) Copia cotexada ou dixitalizada do NIF da entidade solicitante, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta.

2. As entidades que no ano 2015 percibisen axudas para o mantemento da escola infantil 0-3, deberán presentar copia da tarifa de prezos vixente, adaptada ao disposto no artigo 9. As entidades que soliciten por primeira vez estas axudas, deberán enviar a tarifa de prezos adaptada ao disposto nesta orde, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución favorable. Así mesmo, no caso de que a tarifa de prezos da escola infantil sufra modificacións durante o ano 2016, deberán enviar información destas modificacións no prazo dun mes desde que estas teñan lugar.

3. Todos os documentos que se acheguen deben presentarse en orixinal, copia cotexada ou dixitalizada.

Artigo 11. *Autorizacións*

1. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamen-



te o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 12. *Protección de datos*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta orde, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades». O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela; ou a través dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.es.

Artigo 13. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes, dirixidas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.



Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, xa mencionados.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación das solicitudes, será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes do vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 14. *Tramitación dos expedientes*

1. A Subdirección Xeral de Familia e Menores, como órgano responsable da tramitación dos expedientes realizará os seguintes trámites:

a) Comprobar que estes reúnen todos os requisitos recollidos nesta orde. De non ser así, requirirase a entidade interesada para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou



achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixer así, de acordo co artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, terase por desistida da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previsto no artigo 42 da mesma lei.

b) Solicitar informe á Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Secretaría Xeral Técnica sobre as condicións actuais dos centros solicitantes, para os efectos de constatar o cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como a data do permiso de inicio de actividades.

c) Remitir os expedientes unha vez revisados e completados, se é o caso, á comisión de valoración.

2. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración para estes efectos.

A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidenta/e: a persoa titular da Subdirección Xeral de Familia e Menores.

Vogais: tres traballadoras/es designadas/os pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica por proposta do/a subdirector/a xeral de Familia e Menores; un/unha deles/as actuará como secretario/a.

3. Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de valoración emitirá informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

4. A persoa titular da Subdirección Xeral de Familia e Menores elevará o informe xunto coa proposta de resolución ao órgano competente para a súa resolución, e propondrá a concesión ou denegación das axudas.

Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cando no procedemento se teñan en conta feitos, alegacións ou probas distintas das aducidas pola entidade interesada, poráselle de manifesto para que, no prazo de dez días, alegue ou presente os documentos e xustificacións que coide pertinentes, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: hpusd7z7-zad0-r7a2-nh65-rej24xkoxg59



Artigo 15. *Resolución*

1. Facendo uso das facultades conferidas no artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a resolución das axudas, por proposta da comisión de valoración, e despois da súa fiscalización pola intervención, correspóndelle á directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación do conselleiro de Política Social.

2. A solicitude das axudas deberá resolverse no prazo máximo de cinco meses contados a partir do día seguinte á data de publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

3. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interporse recurso potestativo de reposición ante a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En caso de silencio administrativo, o prazo será de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que a solicitude se entenda desestimada.

Alternativa ou sucesivamente poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. En caso de silencio administrativo, o prazo será de seis meses desde o día seguinte a aquel en que a solicitude se entenda desestimada.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 16. *Pagamento e xustificación das subvencións*

1. No momento da xustificación da axuda, que será necesariamente antes do 2 de decembro de 2016, e en calquera caso antes do derradeiro pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades



segundo o modelo que figura como anexo IV. O cumprimento de estar ao día nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia serán comprobadas pola Administración no caso de conceder a autorización prevista no artigo 11.2 desta orde, de non concedela as entidades deberán achegar as correspondentes certificacións do cumprimento das obrigas indicadas.

2. Unha vez ditada a resolución pola que se conceda a subvención procederase ao pagamento e xustificación da seguinte forma:

a) Para aquelas que non superen o importe de 18.000 euros poderá anticiparse ata un 80 % da contía outorgada, e librarase o 20 % restante unha vez presentada pola entidade a documentación xustificativa do gasto realizado na finalidade obxecto da axuda. En todo caso, o importe do gasto xustificado debe ser igual ou superior á axuda concedida.

b) Nos demais casos poderá facerse efectivo o pagamento da axuda do seguinte xeito:

1º. Un primeiro pagamento do 50 % da totalidade da subvención, en concepto de anticipo, no momento da súa concesión.

2º. As contías restantes aboaranse a medida que se presente a xustificación mediante pagamentos parciais que non superarán, sumado o anticipo, o 80 % da cantidade subvencionada. O 20 % restante, unha vez presentada pola entidade a documentación final xustificativa do gasto realizado na finalidade obxecto de axuda. En todo caso, o importe do gasto xustificado debe ser igual ou superior á axuda concedida.

3. Para xustificar o gasto realizado, as entidades presentarán a seguinte documentación:

a) Orixinal ou ben copia cotexada de facturas, boletíns de cotización á Seguridade Social, nóminas e demais documentación xustificativa, acompañadas dos xustificantes dos pagamentos efectivamente realizados. En todo caso, as facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (BOE do 1.12.2012).

Tendo en conta o tipo de gastos, correntes e compras a distintos provedores, aceptárase como xustificación do pagamento o xustificante de recepción do provedor naqueles supostos en que o gasto sexa inferior a 500 € e que non se correspondan con gastos de persoal.

CVE-DOG: hpusd7z7-zad0-r7a2-nh65-rej24xkoxg59



b) Unha relación valorada e ordenada cronoloxicamente, por tipo de gasto, onde se reflicten as facturas, boletíns de cotización á Seguridade Social, nóminas e demais documentación xustificativa.

Artigo 17. *Subcontratacións*

1. Poderase autorizar a subcontratación total ou parcial (polo importe do 100 %) da actividade subvencionada. A dita subcontratación axustarase, en todo caso, ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do seu regulamento, aprobado mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Cando a actividade concertada con terceiros exceda o 20 % do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación deberá realizarse por escrito e a súa subscrición deberá ser previamente autorizada pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica nos termos do número 3 deste artigo. En todo caso, a solicitude de autorización, que deberá estar debidamente xustificada, deberá formularse antes da resolución da subvención.

Xunto coa citada solicitude deberase presentar documentación acreditativa da especialización da entidade con que se contrata a realización da actividade, así como a acreditación de que esta entidade se encontra ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

3. A resolución de autorización de subcontratación será ditada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e notificarase no prazo dun mes contado desde a data de presentación da solicitude de subcontratación. Esta resolución porá fin á vía administrativa, contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ou ben poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 18. *Outras obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ademais especificamente a:

a) En relación coas solicitudes de novo ingreso para o curso 2016/17:

1º. Facilitar unha copia do modelo de solicitude de axudas que figura como anexo V a esta orde aos solicitantes de praza, co obxecto de que poidan exercer a opción por unha axuda do programa Cheque infantil en caso de figurar en lista de espera no centro.



2º. Remitir á xefatura territorial da Consellería de Política Social da súa provincia, antes do 6 de xuño de 2016 a relación de solicitantes de prazas do centro que se encontren en lista de espera para o curso 2016/17 e que, pola súa vez, optan polo programa Cheque infantil. A esta relación xuntaranse as solicitudes de axuda do programa Cheque infantil efectuadas polos solicitantes, segundo o modelo que figura no anexo V.

b) O cumprimento pola escola infantil 0-3 do proxecto educativo.

c) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social.

d) Facilitar a inspección e o control dos órganos competentes da Consellería de Política Social respecto dos centros subvencionados.

e) Enviar á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte a documentación:

1º. Un balance de ingresos e gastos compresivo de todo o ano natural conforme o modelo establecido no anexo III.

2º. Unha relación do alumnado do centro relativo ao curso 2016/17, onde se indique a seguinte información:

- Nome do pai, nai ou representante legal.
- Nome da/do nena/o.
- Cotas mensuais que aboaron.
- Meses de asistencia ao centro.

O cumprimento deste trámite considérase requisito previo para a concesión de subvencións nos exercicios seguintes.

f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



g) As entidades que soliciten por primeira vez estas axudas, no caso de resultaren beneficiarias, deberán adaptar os prezos da escola infantil 0-3 ao disposto no artigo 9, no prazo de 2 meses desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda.

h) Dar a adecuada publicidade das axudas percibidas a través do taboleiro de anuncios do centro e da páxina web, no caso de que dispoñan dela.

i) Dar adecuada publicidade ao número de solicitudes de praza recibidas e ao baremo aplicado para a súa selección a través do taboleiro de anuncios do centro e da páxina web, no caso de que dispoñan dela.

Artigo 19. *Causas de reintegro e criterios de gradación*

1. O incumprimento pola entidade beneficiaria de calquera requisito, obriga, condicións e demais circunstancias tidas en conta para o outorgamento da subvención, dará lugar ao inicio do correspondente expediente de reintegro que poderá finalizar, de ser o caso, coa resolución de reintegro da subvención concedida con indicación das cantidades que se deberán reintegrar mailos xuros de mora desde o momento do pagamento da axuda.

Ademais das causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos establecidos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Procederá o reintegro total das cantidades percibidas nos seguintes supostos:

a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Cando se incumpra totalmente a obriga da xustificación da subvención.

3. Procederá o reintegro parcial proporcional ao grao de incumprimento nos seguintes supostos:

a) Cando se incumpran parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou se adopte de xeito parcial o comportamento que fundamentou a concesión da subvención, entre o



2 % e o 50 % da axuda percibida, en proporción ao período do ano en que se producise o incumprimento.

b) No caso de xustificación insuficiente segundo os termos do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades non xustificadas ou xustificadas insuficientemente.

c) Cando se incumpra a obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no artigo 18, procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida.

d) Cando se dea algún incumprimento das obrigas establecidas no artigo 18, procederá o reintegro de entre o 2 % e o 80 % da axuda percibida, de xeito proporcional ao grao de incumprimento, tendo en conta o número de alumnos afectados e o período do ano durante o que se producise.

4. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de mora correspondente.

Disposición adicional primeira. *Tramitación anticipada*

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde e no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Disposición adicional segunda. *Límite das axudas*

A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins. En todo caso, as actuacións que se van subvencionar deberán realizarse dentro do exercicio económico 2016.

CVE-DOG: hpUSD7z7-zad0-r7a2-nh65-rej24xkoxg59



Disposición adicional terceira. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Sen prexuízo do disposto no título noveno da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar a Consellería de Política Social, así como ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Facenda e ás previstas na normativa do Consello de Contas.

Disposición adicional cuarta. *Infraccións e sancións*

As entidades beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional quinta. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias na directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ao abeiro do establecido no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2015

José Manuel Rey Varela
Conselleiro de Política Social





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O MANTEMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS420A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO Nº DE REXISTRO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS DA ESCOLA INFANTIL 0-3

NOME Nº DE REXISTRO

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non solicitou nin percibiu doutra Administración pública ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ningunha axuda para o mantemento da escola infantil 0-3.

☐ Si solicitou e/ou se lle concederon as seguintes axudas para o mantemento da escola infantil 0-3:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ORGANISMO/ENTE OU SOCIEDADE	IMPORTE (€)

2. Que a escola infantil indicada dispón de proxecto educativo e proposta pedagóxica, de acordo co currículo de educación infantil de Galicia, e se atopa á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para calquera comprobación que sexa necesaria.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

☐ Datos do centro (anexo II)				
☐ Resumo da memoria do centro do curso escolar 2014/15				
☐ Proxecto lingüístico do centro				
☐ Copia da tarifa de prezos vixente da escola infantil				
☐ Certificacións de estar ao día nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas coa comunidade autónoma, só no caso de denegar expresamente a súa consulta				
	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
☐ Acreditación da personalidade e representación da persoa representante	☐			
☐ Copia do NIF da entidade solicitante, só no caso de denegar expresamente a súa consulta	☐			

Autorizo a Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.politicasocial@xunta.es.


LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

 galicia

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO II

DATOS DO CENTRO

A) INGRESOS

TIPOS (MARCAR CUN X)			CONTÍA (€)
INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS			☐
DOAZÓNS			☐
RECURSOS PROPIOS			☐
SUBVENCÍONS	ORGANISMOS PÚBLICOS	ESTADO	☐
		COMUNIDADE AUTÓNOMA	☐
		DEPUTACÍONS	☐
		CONCELLOS	☐
	INSTITUCÍONS PRIVADAS		☐
			☐
			☐
			☐
OUTROS		☐	
		☐	
		☐	
TOTAL INGRESOS			

B) GASTOS PREVISTOS

GASTOS CORRENTES			
DISTRIBUCIÓN		CONTÍA (€)	
DE PERSOAL			
DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN			
DE ALIMENTACIÓN			
DE ACTIVIDADES			
OUTROS			
TOTAL GASTOS CORRENTES			

ORZAMENTO GLOBAL DE GASTOS CORRENTES

CUSTO ANUAL ESTIMADO DA PRAZA

CUSTO MENSUAL ESTIMADO DA PRAZA

GASTOS DE INVESTIMENTO

C) TARIFA DE PREZOS

galicia



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998


<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO III

CERTIFICACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
RAZÓN SOCIAL			NIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CERTIFICA			
Que os datos consignados no presente balance son certos e que na contabilidade da institución están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Política Social para calquera comprobación que se queira efectuar.			
BALANCE DE INGRESOS E GASTOS comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2016			
INGRESOS		GASTOS	
De organismos públicos (detallar organismos e conceptos)		Persoal	
- Do Estado		- Retribucións (básicas e complementarias)	
- Da Comunidade Autónoma		- Cotas Seguridade Social	
* Consellería de Política Social		Material	
* Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria		- Material de oficina non inventariable	
* Outras consellerías (especificar)		- Prensa, revistas e publicacións periódicas	
		- Material fungible e específico	
		- Fotocopias e reprografía	
		- Outros	
- Outras CC.AA.		Xerais	
* Das deputacións		- Auga	
* Dos concellos		- Combustible para calefacción	
De institucións privadas (detallar institucións e conceptos)		- Combustible para outros usos	
- Por cotas de socios		- Electricidade	
- Por ingresos derivados de actividades de recadación		- Lenzaría e vestiario	
- Por cobramento de servizos		- Produtos alimenticios	
- Por contribucións da asociación ou institución da que dependa		- Outras subministracións	
		- Teléfono	
		- Comunicacións postais	
		- Tributos locais, autonómicos e estatais	
		- Limpeza (no caso de tela contratada con outra empresa)	
		- Outros gastos (especificar)	
INGRESOS TOTAIS		GASTOS TOTAIS	
SUPERÁVIT		DÉFICIT	
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE			
Lugar e data			
			





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO IV

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

NOME DA ESCOLA INFANTIL 0-3

DECLARA

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin percibiu doutra Administración pública ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ningunha axuda para o mantemento da escola infantil 0-3.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon as seguintes axudas para o mantemento da escola infantil 0-3:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ORGANISMO/ENTE OU SOCIEDADE	IMPORTE (€)

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO V

**MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA (PROGRAMA CHEQUE INFANTIL)
PARA SOLICITANTES DE PRAZA EN LISTA DE ESPERA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3
DEPENDENTES DE ENTIDADES PRIVADAS DE INICIATIVA SOCIAL**

DATOS DA/DO NENA/O					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO		
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL)					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	Nº SEGURIDADE SOCIAL	CONCELLO DO LUGAR DE TRABALLO		
DATOS DA UNIDADE FAMILIAR					
APELIDOS E NOME (incluída a persoa solicitante)	NIF/NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL	INGRESOS ANUAIS
SUMA DE INGRESOS ANUAIS					
Nº MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR					
SERVIZOS SOLICITADOS					
☐ Atención educativa con comedor ☐ Atención educativa					
CANDIDATA/O AO PROGRAMA CHEQUE INFANTIL					
☐ SI ☐ NON					
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE					
Lugar e data , de de					



Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>


ANEXO VI Baremo

As prazas adxudicaranse segundo os seguintes criterios preferentes:

A) Solicitudes de renovación de praza das/dos nenas/os matriculadas/os no curso 2015/16.

B) Solicitantes cunha/cun irmá/n con praza adxudicada (renovada ou de novo ingreso para o curso 2016/17).

C) O resto de solicitudes adxudicaranse segundo a puntuación obtida pola aplicación do seguinte baremo:

1º. Situación sociofamiliar.

- 1.1. Por cada membro da unidade familiar..... 2 puntos
- 1.2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao seu cargo..... 1 punto
- 1.3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a praza nacesse nun parto múltiple..... 1 punto
- 1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia..... 2 puntos
- 1.5. Pola condición de familia monoparental..... 3 puntos
- 1.6. No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais... 6 puntos
- 1.7. Pola condición de familia numerosa..... 3 puntos
- 1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas ata 3 puntos

2º. Situación laboral familiar.

2.1. Situación laboral de ocupación:

- Nai..... 6 puntos
- Pai..... 6 puntos

2.2. Situación laboral de desemprego (1):

- Nai..... 2 puntos
- Pai..... 2 puntos



2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga):

- Nai..... 3 puntos.
- Pai..... 3 puntos.

– (1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao da publicación desta orde.

– No caso de familias monoparentais ou naquelas en que o neno ou a nena conviva cun só proxenitor adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

– Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3º. Situación económica.

R.P.C. mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30 % do IPREM.....+4 puntos
- Entre o 30 % e inferior ao 50 % do IPREM.+3 puntos
- Entre o 50 % e inferior ao 75 % do IPREM+2 puntos
- Entre o 75 % e inferior ao 100 % do IPREM.+1 punto
- Entre o 100 % e inferior ao 125 % do IPREM-1 punto
- Entre o 125 % e inferior ao 150 % do IPREM-2 puntos
- Entre o 150 % e o 200 % do IPREM-3 puntos
- Superior ao 200 % do IPREM-4 puntos

• En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada, e despois a renda per cápita máis baixa.

• Para os efectos desta orde están a cargo da unidade familiar as persoas que convivindo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

• No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicárase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo.

